

**PROXECTO EDUCATIVO  
IES DE ORTIGUEIRA**

# Índice

1	Introdución.....	4
2	Sinais de identidade do centro.....	4
3	Historia do centro.....	4
4	Contextualización do centro.....	5
4.1	Disposicións legais.....	5
4.2	Xeografía e historia de Ortigueira.....	5
4.3	Situación socioeconómica e cultural.....	8
4.4	O alumnado do centro.....	11
5	Obxectivos xerais do centro.....	12
6	O centro educativo.....	13
6.1	Estrutura física do centro.....	13
6.2	Oferta educativa.....	14
6.3	Organización de espazos e intalacións.....	18
6.4	Actividades extraescolares e complementarias.....	19
6.5	Servizos complementarios.....	19
6.5.1	Servizo de comedor.....	19
6.5.2	Transporte escolar.....	19
6.5.3	Biblioteca escolar.....	19
7	Organización e xestión do centro.....	20
7.1	Órganos de goberno.....	20
7.2	Organización do profesorado.....	20
7.2.1	Departamentos didácticos.....	21
7.2.2	Departamento de orientación.....	21
7.2.3	Comisión de coordinación pedagóxica.....	21
7.2.4	Equipa da biblioteca.....	21
7.2.5	Grupos de traballo e seminarios permanentes.....	21
7.3	Organización do alumnado.....	21
7.3.1	Xunta de delegados.....	21
7.4	Comisións mixtas.....	22
7.4.1	Comisión económica.....	22
7.4.2	Observatorio de convivencia escolar.....	22
7.4.3	Equipa de normalización e dinamización lingüística.....	23
7.5	Organización do persoal non docente.....	23
8	Relación do centro con outras institucións.....	23
9	Concreción do currículo.....	23
9.1	Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ó contexto do centro educativo.....	23
9.1.1	Educación secundaria obrigatoria.....	23
9.1.2	Programas de cualificación profesional inicial.....	24
9.1.3	Bacharelato.....	25
9.1.4	Ciclos formativos.....	26
9.1.5	Adultos.....	27
9.2	Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.....	27
9.2.1	Instrucións para elaborar as programacións didácticas.....	27
9.2.2	Elementos das programacións didácticas.....	28
9.3	Atención educativa ó alumnado que non opte polas ensinanzas de relixión.....	28
9.4	Criterios sobre a avaliación e promoción do alumnado.....	29
9.4.1	Educación secundaria obrigatoria.....	29
9.4.2	Bacharelato.....	29

9.5	Liñas xerais de atención á diversidade. ....	30
9.5.1	Programas de diversificación curricular. ....	31
9.5.2	Exención da segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo da ESO. 31	
10	Epílogo. ....	32

## **1 Introducción.**

No noso centro educativo dáse un estilo de convivencia, de organización interna, de formas de traballo, de criterios éticos, etc... elementos todos eles que responden a uns obxectivos e a uns valores que son os que o proxecto educativo quere expicitar.

O proxecto educativo do IES de Ortigueira pretende ser un documento que recolla as liñas elementais de actuación do centro e os obxectivos que pretendemos acadar coa práctica educativa. Non é un proxecto pechado senón que pretende ser un elemento vivo e funcional que enumere e defina que tipo de centro desexamos, que formación esperamos dar ós nosos alumnos e que modelo de organización pretendemos.

## **2 Sinais de identidade do centro.**

O IES de Ortigueira é un centro público que se manifesta como aconfesional e pluralista respecto a todas as relixións da comunidade educativa.

Declárase así mesmo como favorecedor da normalización lingüística do galego, procurando que esta sexa cada vez máis a lingua vehicular en todo o ámbito escolar. En cumprimento da lei debemos garantir que o alumnado teña un dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais, así como que coñeza o valor das dúas linguas nos ámbitos da comunicación e da cultura.

O labor educativo do centro baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación. Neste senso o Centro pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu entorno, nun ambiente pluralista que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo.

## **3 Historia do centro.**

O centro ten xa unha longa vida pois inaugurouse o un de outubro do ano 1978 como Instituto Nacional de Bacharelato, na actualidade a súa denominación é IES de Ortigueira.

A existencia do centro débese en grande medida á insistencia e á constancia dos habitantes do concello de Ortigueira na idea de que a súa vila tivera un instituto e, por iso, aportaron, ademais do solar onde se edificou o centro, os oito millóns de pesetas que faltaban para completar o presuposto que concedera o Ministerio de Educación e Ciencia. A empresa Construcións Piñeiro Temprano da Coruña fíxose cargo das obras.

O consolidador da iniciativa foi o alcalde Juan Luis Pía Martínez pero os que puxeron en marcha o proxecto foron Castiñeiras e Barro Soto. Todos eles tiveron o apoio dos orteganos que ata chegaron a manifestarse polas rúas da vila en decembro do ano 1977 en apoio da próxima construción do instituto.

O primeiro claustro de profesores estaba constituído por 22 profesores, o seu director era o catedrático de Filosofía Enrique Tello León e estaban matriculados aproximadamente 300 alumnos. Coa implantación da LOXSE a

matrícula ascendeu ata os 460 alumnos e o claustro elevouse ós 48 profesores.

## **4 Contextualización do centro.**

### **4.1 Disposicións legais.**

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. ONU, 10 de decembro de 1948.
- Declaración dos Dereitos do Neno. ONU, 10 DE NOVIEMBRE DE 1959.
- Pacto internacional dos Dereitos Cívís e Políticos. ONU, 16 de decembro de 1966.
- A Constitución española de 1978. Art. 27.
- Lei Orgánica do Dereito á Educación, LODE 8/ 1985, de 3 de xullo.
- Real Decreto 2376/ 1985. Regulamento de órganos de goberno.
- LOXSE, 3 de outubro de 1990 ( BOE 4 de outubro de 1990)
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros. (BOE 2 de xuño de 1995).
- Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG 09-08-96)
- Lei Orgánica de Educación, LOE 2/2006 do 3 de maio (BOE nº 106, 4 de maio de 2006)

### **4.2 Xeografía e historia de Ortigueira.**

Este centro está enclavado na vila de Santa Marta de Ortigueira, provincia de A Coruña, no centro do seu termo municipal. Recibe alumnado dos concellos de Sta. Marta e Mañón.

O Concello de Ortigueira, formado por vintedúas parroquias, abrangue unha extensión territorial de 214,9 kilómetros cadrados.

Situado ó norte da provincia, limita nesa dirección co mar, ó oeste cos concellos de Cariño, Cedeira e Cerdido, ó sur cos de Somozas e As Pontes, e ó leste co de Mañón.

O seu relevo, lixeiramente triangular, presenta acentuados desniveis a pesar de ser senil.

Un tercio da superficie está por debaixo dos 100m., outro tercio entre 100 e 300 e o restante supera esta última altura.

Os ríos son polo xeral curtos e de forte pendente, excepto nos vales medios e baixos dos máis grandes. Relativamente caudalosos e dun réxime moi regular, as crecidas danse en outono-inverno e suaves no verán, sendo os maiores o Baleo (25 Km de longo) e o Mera (35 Km).

Á situación na costa septentrional de Galicia corresponde un clima de tipo oceánico húmido, con temperaturas atenuadas ó longo do ano, pois a media anual é de 13 a 14 grados centígrados e a amplitude térmica inferior ós 10 grados.

En canto ás precipitacións, son relativamente abundantes, con 150 días de choiva ó ano que arrojan ó redor de 1.000 mm. Pero a disposición do relevo

produce lixeiras modificacións nesta visión xeral, creándose microclimas nos vals profundos dos ríos Mera, Maior e Baleo.

#### a) Prehistoria

Os primeiros habitantes das terras do Ortegá instaláronse aló polo ano **35.000 a.C.** As primitivas sociedades **evolucionaron** baixo a influencia doutros pobos atlánticos, da cultura mediterránea e por suposto do imperio romano, que foi determinante na paulatina desaparición da cultura castrexa, entre finais dos S. I e II a C.

Con todo, quédannos deste longo período importantes **vestixios arqueolóxicos**. Os castros da costa e do interior, os utensilios que neles se atoparon, os enterramentos en forma de túmulos ou mesmo a toponimia da zona fan que aínda esté presente en Ortigueira a pegada dos nosos antepasados máis lonxanos.

#### b) Idade Media

Ó longo da Idade Media a comarca do Ortegá estivo marcada polas invasións bárbaras e o posterior proceso de cristianización. Entre os séculos VIII e X fundáronse nestas terras numerosas igrexas, incrementándose así a poboación da zona.

Na Baixa Idade Media Ortigueira acadou o título de Vila e unha serie de privilexios que lle foron outorgados por Alfonso X. O porto, as murallas defensivas ou os almacéns de sal supuxeron un importante pulo. Ademais, o Rei Sabio concederíalle á Vila o privilexio de manter relacións comerciais co estranxeiro. O porto de Ortigueira convertíase así nun importante punto de intercambio comercial e cultural.

Desta época quedou en Ortigueira a fortaleza de Santa Marta. Ocupando o lugar que hoxe coñecemos como Campo da Torre, acolleu en diferentes etapas a residencia do gobernador ou un importante cárcere. As súas pedras empregáronse ao longo dos séculos para a construción do convento, o muíño de vento e mesmo vivendas particulares... Hoxe, tralo completo espolio, só queda o seu recordo.

#### c) Pegada Relixiosa

Na Idade media a comarca do Ortegá estivo marcada polas invasións bárbaras e o posteri-ro proceso de **cristianización**. Entre os séculos VIII e X fundáronse nestas terras numerosasa igrexas, incrementándose deste xeito a poboación da zona.

Na Baixa Idade Media Ortigueira acadou o título de **Vila** e unha serie de privilexios que lle foron outorgados por Alfonso X. O porto, as murallas defensivas ou os almacéns de sal supuxeron un importante pulo. Ademais, o Rei Sabio concederíalle á Vila o **privilexio** de manter relacións comerciais co estranxeiro. O porto de Ortigueira convertíase así nun importante punto de intercambio comercial e cultural. Desta época quedou en Ortigueira a **fortaleza** de Santa Marta. Ocupando o lugar que hoxe coñecemos como Campo da Torre, acolleu en diferentes etapas a residencia do gobernador ou un importante cárcere. As súas pedras empregáronse ao longo dos séculos para a construción do convento, o muíño

de vento e mesmo vivendas particulares... Hoxe, tralo completo espolio, só queda o seu recordo.

#### **d) Século XIX**

Ao longo do século XIX foron varios os acontecementos que marcaron a evolución de Ortigueira. A **Guerra da Independencia** fíxose notar na comarca, que se viu na obriga de acoller as tropas francesas. Nesta época destacou asemade o fenómeno do bandoleirismo. Coa chegada da Restauración florecería a **prensa** ortegana. Así, entre os anos 1888 e 1916 nacerían cabeceiras como *O Faro de Ortegai*, *Revista Ortegana*, *El Faro de Veiga* ou *La Voz de Ortigueira*. Foi este último medio un dos apoios do **movemento agrarista** que xurdiu con forza na comarca a finais do século XIX.

A Vila medraba en aspiracións, en poboación e tamén en superficie habitada. Así, promulgáronse as primeiras normas urbanísticas e realizáronse **melloras** como a iluminación pública. Nesta etapa tomaron corpo algúns elementos que conforman a imaxe actual de Santa Marta, como o Teatro da Beneficencia ou a Alameda.

#### **e) Século XX**

O século XX chega a Ortigueira marcado polas constantes **melloras** en materia de urbanismo e saneamento. Implantaríanse a traída de auga, a rede de sumidoiros e o pavimentado das rúas.

No que respecta ás **infraestruturas**, datan desta centuria os portos de Cariño e Espasante, así como a ampliación do de Ortigueira. Asfaltáronse estradas e camiños veciñais e construíronse máis de 100 vivendas acollidas á *Obra Sindical do Fogar*.

A piques de entrar no século XXI prodúcese un dos acontecementos máis significativos na historia do Concello. No ano 1988 un decreto da Xunta de Galicia dálle luz verde á **segregación** de Cariño, que pasaría a converterse nun municipio independente.

### 4.3 Situación socioeconómica e cultural.

No aspecto humano destaca, en primeiro lugar, a baixa densidade poboacional que ten o concello se se compara coa media provincial.

O 70% dos habitantes viven en pequenas aldeas ou casais, e o resto concéntrase nos núcleos urbanos de Santa Marta e Espasante.

O Concello conta cun Polígono Industrial, o de Cuiña, situado na parroquia do mesmo nome, foi promovido por Xestur- Coruña en colaboración co Concello de Ortigueira. Este área, inaugurada en febreiro de 2.004, dispón de 111 parcelas asentadas sobre 131.000 metros cadrados de solo industrial.

#### Principais empresas domiciliadas no Concello

Principales empresas do Concello	
Nome	Actividade
CAMPO LOMBAO SL	Pizarra e cantería
CAOLINES CERAMICOS SL	Excavación
CONSTRUCCIONES MANOLO S.L.	Construcción
DISTRIBUIDORA GALLEGA DE PRODUCTOS PETROLIFEROS S.L.	Gasolineiras
JOSE MANUEL PIÑEIRO LOPEZ SL	Obras públicas
ORTEGAL OIL S.L.	Gasolineras
PANADERIA GIZ S.L.	Panaderías
PESCADOS MUINOS SL	Comercio peixes
PIZARRAS CAMPO S.L.	Pizarra e cantería
VILLASUSO ORTEGAL SL	Obras públicas e forestais

## ECONOMÍA

Agricultura	Dato	Período	Fonte	Empresas (4)				Dato	Período	Fonte		
Número de explotacións de gando bovino	335	2008	IGE-CMR	Empresas por condición xurídica								
Total bovinos	4.558	2008	IGE-CMR	Persoas físicas				360	2007	IGE		
				Sociedades anónimas				1	2007	IGE		
				Sociedades de responsabilidade limitada				78	2007	IGE		
				Cooperativas				4	2007	IGE		
				Outras				54	2007	IGE		
Administración pública	Dato	Período	Fonte	Empresas por actividade								
Ingresos municipais	7.087.126	2007	MH	Industria	Construción	Servizos	Período	Fonte				
Impostos directos	1.284.742	2007	MH									
Impostos indirectos	371.728	2007	MH	32	94	371	2007	IGE				
Taxas e outros	1.432.122	2007	MH									
Rendemento medio do IRPF	12.794	2007	AEAT				Dato	Período	Fonte			
				Empresas por estratxo de asalariados								



	Dato	Período	Fonte				
<b>Construción (3)</b>							
Número de vivendas a crear de nova planta	241	2007	IGE-MF	De 0 a 249 asalariados	497	2007	IGE
Variación neta do parque de vivendas	239	2007	IGE-MF	De 0 a 9 asalariados	485	2007	IGE
Número de edificios a crear de nova planta	21	2007	IGE-MF	Sen asalariados	322	2007	IGE
				De 1 a 9 asalariados	163	2007	IGE
				De 10 a 49 asalariados	9	2007	IGE
				De 50 a 249 asalariados	3	2007	IGE
				250 e máis asalariados	0	2007	IGE
				Número de unidades locais	582	2007	IGE
<b>Comercio polo miúdo</b>							
Número de establecementos comerciais	105	2002	IGE				
Superficie de venda media m <sup>2</sup>	65,08	2002	IGE				
<b>Indicador municipal da renda dos fogares (1)</b>							
Renda dispoñible bruta (euros por habitante)	8.373	2002	IGE				

### Información Estadística (Instituto Galego de Estatística)

#### **SOCIEDADE E POBOACIÓN**

<b>Poboación (Padrón)</b>	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	<b>Indicadores demográficos</b>			Dato	Período	Fonte
Poboación total	7.150	3.428	3.722	2009	INE	Taxa bruta de natalidade (o/oo)			4,7	2007	IGE
de 0 a 15 anos	471	248	223	2009	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)			15,1	2007	IGE
de 16 a 64 anos	4.303	2.183	2.120	2009	INE	Índice de envellecemento			332,9	2008	IGE
de 65 e máis anos	2.376	997	1.379	2009	INE	Idade media á maternidade			32,8	2007	IGE
Poboación estranxeira	156	91	65	2009	INE	Número medio de fillos por muller			0,78	2007	IGE
Idade media	51,5	49,5	53,4	2008	IGE						
<b>Movemento</b>	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Período</b>	<b>Fonte</b>						

<b>natural da poboación</b>						Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)					
Nacementos	28	16	12	2008	IGE-INE			3,4	2007	IGE	
Defuncións	126	64	62	2008	IGE-INE						
Matrimonios	22			2008	IGE-INE		Homes	Mulleres	Período	Fonte	
Saldo vexetativo	-98			2008	IGE-INE		32	28,9	2007	IGE	
<b>Movementsos migratorios</b>		Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte	<b>Censo de vivendas 2001</b>					
Á mesma provincia		135	50	2008	INE			Dato	Período	Fonte	
A outra provincia		16	15	2008	INE	Vivendas familiares		4.371	2001	INE	
A outra comunidade		31	23	2008	INE	principais		2.990	2001	INE	
Estranxeiro		8	53	2008	INE	secundarias		252	2001	INE	
						baleiras		1.129	2001	INE	
<b>Paro rexistrado (2)</b>		Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Edifícios		3.895	2001	INE
Por idade							Locais		378	2001	INE
menores de 25 anos	24	13	12	2008	CT						
outras idades	246	109	137	2008	CT						
Por sectores de actividade							<b>Actividade (Censo 2001)</b>				
Agricultura	16			2008	CT	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	
Industria	24			2008	CT	Taxa de actividade	41	53,7	29,7	2001	INE
Construción	32			2008	CT	Taxa de paro	12	9,4	16,1	2001	INE
Servizos	164			2008	CT						
Sen emprego anterior	34			2008	CT	Ocupados por sectores					
						Agricultura	390	195	195	2001	INE
						Pesca	202	144	58	2001	INE
						Industria	384	305	79	2001	INE
						Construción	401	361	40	2001	INE
						Servizos	1.268	679	589	2001	INE
<b>Eleccións</b>				Dato	Período	Fonte					
Censo electoral			6.382	2009	CP						

### Información dos servizos

- **Comunicacións:** cruza o Concello a estrada C-642 que vai de Ferrol a Viveiro, e cara a As Pontes, sae a L-101 dende Cuiña. Tamén o

ferrocarril de vía estreita FEVE que interrelaciona Ferrol e Asturias pasa polo concello, seguindo unha ruta practicamente paralela á C- 642.

- **Administración:** ademais de albergar a Casa Consistorial, a vila de Sta. Marta conta con Rexistro da Propiedade, Administración de Facenda, Oficia do INSS, Notaría, Cámara Agraria, Centro de Saúde.

A oferta de actividades deportivas, culturais ... de Ortigueira, organizadas por entidades públicas ou privadas, é variada e ampla.

A institución pública que sobresaé é o Concello que, a través de la Concellalía de Cultura e outros organismos dependentes dela (Biblioteca, Sala de Exposicións do Concello, Fundación Ortegalia, Escola Municipal de Música, Polideportivos en distintas parroquias..), intenta dar resposta a demanda da poboación, realizando a maior oferta. Ortigueira conta cun Teatro Municipal ( o chamado de Beneficencia) para acoller manifestacións culturais. Ademais desta labor oficial, existen varias agrupacións de orientación cultural: Amigos del Arte, Coral Polifónica, Escola de Gaitas...

Como cultura hai que valorar asimesmo as aportacións da veterana Imprenta Fojo, infatigable no seu labor de seguir a publicar o xornal local "La Voz de Ortigueira" e numerosos traballos sobre temas da bisbarra.

#### **4.4 O alumnado do centro.**

Nos últimos anos a matrícula do IES de Ortigueira oscila entre os 300 e os 350 alumnos, aínda que hai unha tendencia clara á baixada do alumnado.

Os alumnos que asisten ó instituto veñen do concello de Ortigueira e do de Mañón. No ciclo formativo asisten algúns alumnos doutras comarcas, preferentemente Ferrolterra, Eume, As Pontes e a Mariña Luguesa, aínda que representan unha baixa porcentaxe do alumnado do IES.

Os alumnos proceden na súa maior parte do CEIP José M<sup>a</sup> Lage de Ortigueira e, en menor proporción, do CEIP Francisco López Estrada da vila do Barqueiro, en Mañón.

O tipo de familia é de clase media-baixa, con incorporación de familias da zona rural, con niveis de estudos primarios e medios, e en xeneral non mostran ambicións de que os seus fillos/as cursen estudos universitarios, pero sí que rematen a ESO e o Bachelarelato.

No rural viven en casa unifamiliares e na vila en vivendas integrdas en comunidades de veciños, poucas veces independentes e dotadas dos servicios básicos. A os alumnos soenselle destinar os seus propios dormitorios coma lugar de estudo.

A presenza de alumnos inmigrantes é moi escasa, na actualidade a porcentaxe é dun 7%.

En relación á atención á diversidade do alumnado, no instituto reciben atención educativa ás súas necesidades educativas especiais (reforzado educativo, adaptación curricular, programas de diversificación curricular, etc....) un 20% dos alumnos aproximadamente, sendo o Departamento de Orientación o encargado de levar a cabo a súa supervisión.

A lingua de comunicación habitual do alumnado é o castelán. Co obxecto de contribuír á normalización lingüística do galego, como lingua propia do país, procurárase que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental, vehicular e de ensinanza no ámbito escolar, cumprindo co actual marco normativo en Galicia.

## 5 Obxectivos xerais do centro.

Como obxectivo fundamental o IES de Ortigueira propónse fomentar unha educación o máis completa posible nun ambiente de traballo e respecto que permita a todo o noso alumnado dotarse de medios adecuados para a súa vida. Para lograr este obxectivo teremos en conta tanto a calidade do ensino como as necesidades específicas dos alumnos do noso entorno xeográfico.

O Instituto é unha comunidade de convivencia, traballo e estudo: os seus obxectivos deben procurar a posibilidade que o noso alumnado poida ter un desenvolvemento humano e intelectual completo, nunha situación de convivencia de todos dentro dun marco de tolerancia e respecto á liberdade do individuo (personalidade, conviccións, ideoloxía ou crenzas).

Establecemos os seguintes obxectivos xerais en función dos diferentes ámbitos, humano, pedagóxico e institucional, da vida educativa:

- Crear as mellores condicións para favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos, tratando de que adquiran unha formación reflexiva e crítica, adecuada ó mundo no que viven.
- Enriquecer ó alumnado con prácticas de actitudes de respecto, comprensión e compañeirismo. Lograr unha conciencia social.
- Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Fomentar o coñecemento respecto os costumes e tradicións da nosa comunidade. Lograr unha conciencia de identidade.
- Potenciar un réxime de coeducación. Lograr unha conciencia de xénero.
- Ampliar e mellorar o nivel de comprensión lingüística, social e académica do alumnado, mediante as relacións internacionais con outros centros, a través da realización de estancias formativas e intercambios.
- Acadar un uso fluído das dúas linguas oficiais.
- Proporcionar información escolar.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Desenvolver a capacidade de observación, así como a adquisición de hábitos de traballo para “aprender a aprender”
- Favorecer a integración do alumnado de todo tipo: multiculturalidade.
- Favorecer a atención á diversidade do alumnado.
- Empregar unha metodoloxía flexible e aberta, de xeito que responda ás capacidades, necesidades e intereses dos alumnos.
- Responder adecuadamente ós desafíos que supón a evolución da sociedade, asegurando ás persoas de maior idade a oportunidade de incrementar as súas competencias.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares que redunden na mellor formación do alumnado.
- Fomentar a participación na xestión do centro dos integrantes da comunidade escolar.
- Manter relación con outras institucións.
- Potenciar a participación dos pais/nais no centro.
- Contribuír á formación profesional continuada do profesorado.
- Colaborar nas actividades que coa finalidade de formación organicen os diversos colectivos, sempre que teñan un carácter cultural, democrático e non partidista.

- Promover a dotación, mantemento de instalacións e material necesario.
- Xestionar consensuadamente os recursos económicos do centro.

## **6 O centro educativo.**

O IES de Ortigueira é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con código de centro 15020544.

Enderezo: Rúa Constitución s/n  
15330 Ortigueira

Teléfono: 981 400 100

Fax: 981 400 888

### **6.1 Estrutura física do centro.**

O centro educativo está situado no núcleo da vila, enclavado nun terreo a escasa distancia da ría de Ortigueira e está formado por dous edificios que se comunican por un paso exterior cuberto. O edificio principal foi construído en 1978 e ampliado no ano 1999 cunha ala na que se sitúan as aulas de Informática, Tecnoloxía, Plástica, Debuxo e Música. Este edificio principal ten tres plantas (planta baixa, primeira e segunda planta) e nel impártense as clases de ESO, Bacharelato, PCPI e Adultos. Por outro lado, no edificio anexo de planta baixa impártense as clases do ciclo de madeira.

Xunto a estes edificios sitúanse o pavillón e as pistas polideportivas. Todas estas construcións encóntranse nun recinto pechado por un muro de formigón.

Hai dous accesos ó centro, o principal no que se sitúa o aparcamento e un lateral polo que entran ó instituto os alumnos que chegan no transporte escolar.

## 6.2 Oferta educativa.

<b>ENSINANZAS DO RÉXIME ORDINARIO</b>	<b>ESO</b>
	<b>BACHARELATO</b>
	<b>PCPI</b>
	<b>CICLO DE FABRICACIÓN A MEDIDA E INSTALACIÓN DE CARPINTERÍA E MOBLE</b>
<b>ENSINANZAS DO RÉXIME DE ADULTOS</b>	<b>ESO – Módulos III e IV</b>
<b>OUTRAS ENSINANZAS</b>	<b>Programa CUALE- Alumnos e Profesores</b>

A organización e estrutura da **Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)** ven lexislada polo *Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 136, 13-xullo-2007)* e a *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 177, 12-setembro-2007)*.

A oferta das distintas materias na E.S.O. ven dada pola seguinte táboa:

## Educación Secundaria Obligatoria

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
<b>MATERIAS OBRIGATORIAS</b>				
C.Sociais, Xeografía e Historia Educación física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas Ciencias da Natureza 1ªLingua Estranxeira:Inglés 2ªLingua Estranxeira:Francés Educación Plástica e Visual Proxecto Interdisciplinar 2ªLingua Estranxeira	C.Sociais, Xeografía e Historia Educación física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas Ciencias da Natureza 1ªLingua Estranxeira:Inglés 2ªLingua Estranxeira:Francés Tecnoloxías  Música  Educación para a cidadanía	C.Sociais, Xeografía e Historia Educación física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas Bioloxía e Xeoloxía  1ªLingua Estranxeira:Inglés Física e Química  Tecnoloxías  Música  Educación Plástica e Visual	C.Sociais, Xeografía e Historia  Educación física Lingua Castelá e Literatura  Lingua Galega e Literatura  1ªLingua Estranxeira:Inglés Educación Ético-Cívica  Matemáticas B	
<b>Elexir unha das seguintes opcións</b>				
<input type="checkbox"/> Relixión Católica ou <input type="checkbox"/> Historia das Relixións ou <input type="checkbox"/> Atención educativa				
			<b>4º ESO</b>	
1º ESO	2º ESO	3º ESO	ITINERARIO A Física e Química	ITINERARIO B Latín
<b>MATERIAS OPTATIVAS</b>				
		Escoller 1	Escoller unha materia de cada bloque	
			<input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Francés	
			<input type="checkbox"/> Informática <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Plástica	
		<input type="checkbox"/> Cultura Clásica <input type="checkbox"/> 2ªLingua Estranxeira:Francés. <input type="checkbox"/> Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras	<b>OPTATIVAS</b> (Escoller unha) Non se pode escoller Cultura Clásica ou Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras se xa foron cursadas en 3º ESO	
			<input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira:Francés	
			<input type="checkbox"/> Cultura Clásica	
			<input type="checkbox"/> Obradoiro de iniciativas Emprendedoras	
			<input type="checkbox"/> Calquera das non escollidas nos itinerarios ( _____ )	

En canto ao **Bacharelato**, a súa estrutura responde ao *Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 120, 23-xuño-2008)*, á *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 124, 27-xuño-2008)*, a *Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta (D.O.G. Nº 124, 27- xuño-2008)* e á *Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo (D.O.G. Nº 188, 29-setembro-2008)*.

A oferta das distintas materias en Bacharelato é a seguinte:



1º Bacharelato		2º Bacharelato	
<b>MATERIAS OBRIGATORIAS</b>			
Ciencias para o Mundo Contemporáneo Educación Física Filosofía e Cidadanía Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Lingua estranxeira:Inglés		Historia de España Historia da Filosofía Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Lingua estranxeira:Inglés	
<b>Elexir unha das seguintes opcións</b>			
<input type="checkbox"/> Relixión ou <input type="checkbox"/> Atención Educativa			
<b>MODALIDADES</b>			
1º Bacharelato		2º Bacharelato	
CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<input type="checkbox"/> Matemáticas <input type="checkbox"/> Física e Química	<input type="checkbox"/> Hª do Mundo Contemporáneo	<input type="checkbox"/> Matemáticas II	<input type="checkbox"/> Xeografía
Escoller unha materia	Escoller unha materia de cada bloque	Escoller unha materia	Escoller unha materia
<input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Debuxo I <input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial I	<input type="checkbox"/> Latín I <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas I	<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> Ciencias da Terra	<input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Latín II <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas II
	<input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> Economía	Escoller unha materia	Escoller unha materia
		<input type="checkbox"/> Tecnoloxía Industrial II <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Debuxo II	<input type="checkbox"/> Hª da Arte <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Economía de Empresa
<b>MATERIAS OPTATIVAS(escoller unha)</b>			
1º Bacharelato		2º Bacharelato	
2ª Lingua estranxeira: francés Música TIC Literaturas Hispánicas  Calquera das non escollidas nos itinerarios ( )		2ª Lingua estranxeira: francés Xeografía e Historia de Galicia Ética e filosofía do Dereito Calquera das non escollidas nos itinerarios ( )	

Desde o curso pasado impártense no IES de Ortigueira os **Programas de Cualificación Profesional Inicial** destinados ós alumnos maiores de dezaseis anos que non obtiveran o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, co fin de que alcancen as competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel un da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como de que teñan a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria e de que amplíen as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas. Estes programas están regulados pola *Orde do 13 de maio de 2008 (DOG 23-05-2008)*.

O ciclo de grao medio de “Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble” impártese no instituto desde o curso 2003/2004. Este ciclo está regulado polo *Decreto 137/1999, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en fabricación á medida e instalación de carpintería e moble*.

No noso centro tamén se ofertan os módulos III e IV das ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en **educación secundaria obrigatoria para adultos**. Estas ensinanzas están reguladas pola *Orde de 24 de xuño de 2008 (DOG 23-xullo-2008)* e pola *circular 3/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e funcionamento dos centros EPA e dos IES que imparten ensinanzas básicas de educación para persoas adultas*.

No que respecta ó programa **CUALE** ofertamos a modalidade CUALE-ESO que é unha formación dirixida ó alumnado de 3º e 4º de ESO co fin de preparalo para as probas de certificación dos niveis correspondentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. A organización desta formación vén dada pola *Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se establece o programa de cursos para a formación complementaria de aprendizaxe de linguas estranxeiras , CUALE, nos institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 12-06-2007)*. As clases son sempre fóra do horario lectivo dos alumnos.

Tamén se oferta o programa CUALE para profesores no que se imparten os niveis de lingua inglesa A1,A2 e B1.

### **6.3 Organización de espazos e intalacións.**

O centro consta dun edificio principal onde se desenvolven as actividades lectivas e os servizos administrativos e un edificio anexo onde se imparte o ciclo medio de “Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble”.

O edificio principal posúe unha serie de instalacións específicas de uso didáctico:

- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Aula de música.
- Aula de convivencia.
- Aula de plástica.
- Aula de debuxo.
- Aula de audiovisuais.
- Aula de madeira.
- Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.
- Aula de informática.
- Aula de tecnoloxía.
- Aula da pizarra dixital.
- Aula de idiomas.
- Laboratorio de física e química.

Detrás do edificio principal están as instalacións deportivas do centro: o pavillón, o campo de fútbol, a pista de baloncesto e as dúas pistas de pádel que se están a construír e que veñen a completar o equipamento do instituto de Ortigueira.

#### **6.4 Actividades extraescolares e complementarias.**

Con estas actividades reforzase a relación do instituto co seu contorno máis próximo e suporán unha motivación para o alumnado. Cada curso incluíranse na programación xeral anual, despois de ser aprobadas polo consello escolar, e recolleranse na memoria final de cada curso.

A súa organización recaerá nos respectivos departamentos didácticos, baixo a coordinación da vicedirección. Os departamentos deberán propoñelas ó comezo de cada curso escolar e deberán incluílas nas respectivas programacións didácticas.

As actividades que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais, das nais dos/as titores/as legais, no caso de ser menores de idade.

#### **6.5 Servizos complementarios.**

##### **6.5.1 Servizo de comedor.**

O servizo de comedor funciona todos os luns do curso escolar. Os usuarios deste servizo son algúns alumnos que viven fóra da vila de Ortigueira e non dispoñen de tempo para volver a casa a comer. Os alumnos, acompañados por un profesor de garda, deben desprazarse ás 14:10 ata o restaurante “A Nova Charca” que é a empresa que ten o concerto coa Xunta de Galicia.

Á saída do comedor, os alumnos deben regresar ó centro escolar e permanecer alí ata a hora de inicio das clases, ás 16:15.

##### **6.5.2 Transporte escolar.**

Existen 10 rutas de transporte escolar diferentes que corren a cargo da empresas Autos Arriva e Autos Picos.

##### **6.5.3 Biblioteca escolar.**

Tendo en conta o *Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G. Nº 136, 13-xullo-2007) onde se establecen como competencias básicas para o alumnado a competencia en comunicación lingüística, a competencia no tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística, a Biblioteca Escolar debe perseguir os seguintes obxectivos xerais:

- Ofrecer oportunidades para a utilización e produción de información que posibiliten a adquisición de coñecementos, a comprensión, o desenvolvemento da imaxinación e o lecer.

- Apoiar ó alumnado na aprendizaxe e na práctica de competencias de avaliación e utilización da información, en calquera soporte, formato ou medio, tendo en conta as formas de comunicación máis usuais na súa comunidade.
- Proporcionar acceso ós recursos locais, rexionais, nacionais e globais que lle permitan ó alumnado poñerse en contacto con ideas, experiencias e opinións diversas.

Concibimos a biblioteca escolar como un espazo educativo que alberga unha colección organizada e centralizada de todos os materiais informativos necesarios para a práctica docente e para a consulta dos alumnos. As actividades que se desenvolven na biblioteca escolar intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro.

Será polo tanto, un lugar favorable para o estudo, a investigación, o descubrimento, a autoformación e a lectura.

Todo o material da biblioteca está rexistrado en soporte informático empregando o “**Proxecto Meiga**”. Os préstamos e devolucións de fondos serán xestionados tamén mediante o anterior programa.

O fondo bibliográfico da biblioteca do centro poderá ser consultado a través da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesortigueira/> no enlace correspondente ó *blog da biblioteca “O cofre do tesouro”* e na páxina [www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org).

## **7 Organización e xestión do centro.**

Neste apartado recóllese dunha maneira xeral e esquemática os distintos órganos e comisións de funcionamento do centro. No **anexo I** inclúense os integrantes de cada un deles.

### **7.1 Órganos de goberno.**

Os órganos de funcionamento do centro, o seu nomeamento e as súas funcións, veñen determinados por lei.

#### **❖ Órganos unipersoais.**

- Director.
- Vicedirector.
- Xefe de Estudos de Diúrno.
- Xefe de Estudos de Nocturno.
- Secretario.

#### **❖ Órganos colexiados.**

- Consello escolar.
- Claustro de profesores.

### **7.2 Organización do profesorado.**

Na actualidade hai no IES de Ortigueira 45 profesores dos que aproximadamente o 80 % teñen o destino definitivo no centro.

### **7.2.1 Departamentos didácticos.**

Están formados polos profesores que impartan a mesma materia ou ámbito.

### **7.2.2 Departamento de orientación.**

Forman parte do departamento de orientación o xefe do departamento, o profesor de Pedagogía Terapéutica e un profesor por cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, intentando que existan profesores de todas as etapas educativas impartidas no centro.

Todas as súas funcións están recollidas no *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G. Nº 79, 27-abril-1998).

### **7.2.3 Comisión de coordinación pedagóxica.**

Integrada polos xefes dos distintos departamentos, a dirección do centro e os xefes de estudos. É o máximo órgano de planificación, animación, control, supervisión e avaliación dos temas académicos do centro.

### **7.2.4 Equipa da biblioteca.**

É un grupo de apoio, de carácter interdisciplinar, formado por profesorado dos diferentes departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica para a realización das distintas tarefas derivadas do proxecto de biblioteca do centro, que se considerará na elaboración dos horarios do profesorado ó comezo do curso escolar. Está coordinado pola persoa responsable da biblioteca.

### **7.2.5 Grupos de traballo e seminarios permanentes.**

Todos os cursos académicos os profesores que o desexen poderán constituír grupos para traballar sobre distintos ámbitos de mellora da súa práctica docente. O obxecto destes grupos será potenciar o traballo en equipo, reflexionar sobre os procesos de ensinanza e aprendizaxe, e actualizar coñecementos para a súa práctica docente. Os grupos de traballo e seminarios permanentes do actual curso académico figuran no **anexo II**.

## **7.3 Organización do alumnado.**

### **7.3.1 Xunta de delegados.**

Está composta polos representantes do alumnado no Consello Escolar e polo delegado de cada grupo. As súas funcións están recollidas no *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria* (D.O.G. Nº 156, 9-agosto- 1996), no título V. Cada grupo de alumnos elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes do curso escolar, un delegado de grupo, que formará

parte da xunta de delegados, e tamén un subdelegado, que substituirá ó delegado en caso de ausencia ou enfermidade e apoiarao nas súas funcións. As súas funcións están recollidas tamén no anterior decreto.

## **7.4 Comisións mixtas.**

### **7.4.1 Comisión económica.**

Integrada pola dirección, o secretario do centro, un representante do profesorado, un representante dos pais e outro do alumnado.

Entre as súas funcións estarán:

- Colaborar co secretario do centro na elaboración da memoria económica do centro, do orzamento do centro e na avaliación de necesidades do centro, e presentar esta documentación ó Consello Escolar.
- Outras funcións que lle encomende o Consello Escolar no ámbito das súas competencias.

### **7.4.2 Observatorio de convivencia escolar.**

Está formado polo director, os xefes de estudos, catro representantes do profesorado, o orientador do centro, un representante do alumnado, un representante dos pais, un representante do persoal non docente, o representante do Concello de Ortigueira e a persoa dinamizadora da convivencia no centro.

Un dos representantes do profesorado, con destino definitivo no centro, actuará como secretario e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

O seu funcionamento e funcións están reguladas polo *Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar* (D.O.G. Nº 88, 8-maio- 2007).

Entre estas funcións están:

- Participar na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- Elaborar un informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ó Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- Informar trimestralmente ó Consello Escolar sobre a convivencia no centro.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

### **7.4.3 Equipa de normalización e dinamización lingüística.**

Actúa baixo a supervisión da dirección do centro e está formado por representantes do profesorado, do alumnado e do persoal non docente. Un dos membros do profesorado será o coordinador do equipo.

Esta equipa terá en conta o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo* (D.O.G. N° 125, 29-xuño-2007) que desenvolve a Lei de normalización lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

### **7.5 Organización do persoal non docente.**

Na secretaría do centro traballa unha auxiliar administrativa, sendo o horario de atención ó público desde as 9:00 ata as 14:10.

En canto ás conserxes, hai dúas conserxes que traballan a xornada completa, unha pola mañá e outra pola tarde.

Por último, con respecto ó persoal de limpeza, existen tres limpadoras que traballan en xornada de mañá e tarde.

## **8 Relación do centro con outras institucións.**

O centro está aberto a cantas iniciativas de relación e participación externas supoñan un beneficio para os membros da comunidade educativa, en especial para o alumnado. Tamén, tendo en conta o carácter público do instituto, todos os recursos estarán dispoñibles para a vila de Ortigueira, sempre e cando se garden certas normas de respecto e coidado das instalacións, e teña a aprobación do Consello Escolar do centro. Neste sentido corresponde ó Consello Escolar adoptar as medidas que procedan para conceder permisos para a utilización das súas instalacións, en función das necesidades derivadas da programación das actividades do instituto.

A normativa establecida polo IES de Ortigueira para a cesión de instalacións deportivas pode consultarse na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesortigueira/> no apartado de “**normativas internas**”.

## **9 Concreción do currículo.**

### **9.1 Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ó contexto do centro educativo.**

#### **9.1.1 Educación secundaria obrigatoria.**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

1.- Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.

2- Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, e valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia.

3.- Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.

4.- Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuizos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.

5.- Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, asemade de análise sistemática e economía e eficacia, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.

6.- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora con sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local.

7.- Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.

8.- Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.

9.- Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, diálogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.

10.- Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade plural, ó asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade, e a cooperación e solidariedade.

### **9.1.2 Programas de cualificación profesional inicial.**

Os programas de cualificación profesional inicial contribuirán a desenvolver as seguintes capacidades nos alumnos:

1.- Asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos de forma responsable.

2.- Practicar o diálogo, a tolerancia e a solidariedade entre as persoas, desenvolvendo actitudes de respecto á diversidade de linguas, valores e crenzas e de rexeito a calquera tipo de discriminación.



- 3.- Afianzarse nos valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.
- 4.- Desenrolar e consolidar hábitos de estudo e traballo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas do aprendizaxe, e como medio para o desenrolo persoal.
- 5.- Afianzar o sentido do traballo en equipo como medio para desenrolar o espírito de cooperación e complementariedade entre as persoas.
- 6.- Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo e o medio ambiente.
- 7.-Formar alumnos responsables e comprometidos coa súa profesión cara a súa integración na sociedade e desenvolvemento da súa personalidade.
- 8.- Coñecer o medio social, natural e cultural do noso contorno, utilízalo como instrumento para a formación e contribuír a súa conservación e mellora.

### **9.1.3 Bacharelato.**

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- 1.- Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso acordes con diferentes contextos sociais e culturais, e de comunicarse de xeito que establezan vínculos construtivos cos demais e co contorno.
- 2.- Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer, previamente establecidos.
- 3.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, as súas escalas de valores no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.
- 4.- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade.
- 5.- Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- 6.- Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
- 7.- Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
- 8.- Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e

o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ó territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.

9.- Proporcionar ó alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia, asemade como capacitar para o acceso a educación superior ou ó ámbito laboral, e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida.

10.- Desenvolver a sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.

11.- Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.

#### **9.1.4 Ciclos formativos.**

Os ciclos formativos contribuirán a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

1.- Consolidar unha conciencia cívica, inspirada nos valores das sociedades democráticas.

2.- Afianzar habilidades orientadas á toma de decisións como instrumento para o desenrolo da capacidade de iniciativa, da confianza en si mesmo, o sentido crítico e o espírito innovador.

3.- Valorar de forma crítica a contribución da ciencia ós cambios que teñen lugar nas condicións de vida.

4.- Afondar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e a comunicación de cara ó aprendizaxe.

5.- Afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.

6.- Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lle permita, ter constancia no traballo, confianza nas propias posibilidades e iniciativa para resolver novos problemas, formular xuízos independentes e actuar de forma responsable e autónoma.

7.- Formar profesionais responsables e comprometidos coa súa formación cara a integrarse no ámbito laboral e o seu desenvolvemento como persoas.

8.- Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación obxecto dos seus estudos.

9.- Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional; coñecer a lexislación laboral e os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais.

10.- Aprender por si mesmos e traballar en equipo.

11.- Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

12.- Traballar en condicións de seguridade e saúde, así como prever os riscos derivados do traballo.

13.- Afianzar o espírito para o desempeño de actividades e iniciativas empresariais.

### **9.1.5 Adultos.**

As ensinanzas de adultos para a obtención do título de graduado en Secundaria contribuirán a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- 1.- Adquirir unha formación básica, ampliar e renovar os seus coñecementos.
- 2.- Mellorar a cualificación profesional e adquirir preparación para o exercicio de outras profesións.
- 3.- Desenvolver capacidades persoais, nos ámbitos expresivos, comunicativo, de relación interpersonal e de construción de coñecemento.
- 4.- Desenvolver a capacidade de participación na vida social e cultural, facer efectivo o dereito á cidadanía democrático.
- 5.- Desenvolver programas que corrixan os riscos de exclusión social.
- 6.- Responder adecuadamente ós desafíos que supón a evolución da sociedade, asegurando ás persoas de maior idade a oportunidade de incrementar as súas competencias.
- 7.- Empregar unha metodoloxía flexible e aberta, de xeito que responda ás súas capacidades, necesidades e intereses.

## **9.2 Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.**

### **9.2.1 Instrucións para elaborar as programacións didácticas.**

Os diferentes departamentos do IES de Ortigueira deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

1. Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados.
2. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das materias que se integran no seu departamento.
3. Os xefes de departamento entregarán as programacións ou modificacións das mesmas en formato electrónico antes do **15 de outubro** de cada curso escolar.
4. Unha vez que a xefatura de estudos teña no seu poder todas as programacións cumprimentadas correctamente deberá remitir unha copia ó servizo de inspección educativa en formato electrónico.
5. Se algún profesor decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación e a xustificación correspondente, incluírase na programación do dito departamento, sempre que así o acorde o citado órgano ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.
6. Ó comezo de cada curso a xefatura de cada departamento didáctico elaborará información relativa á programación didáctica que dará a coñecer ó alumnado a través do profesorado das distintas materias asignadas a cada departamento. Esta información incluírá:
  - Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso.
  - Os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva.

- Os criterios ou sistemas de cualificación.
  - Os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.
7. O centro deberá facer públicos:
- Os criterios xerais de avaliación das aprendizaxes.
  - Os criterios xerais de promoción do alumnado.
  - Os criterios de titulación do alumnado.

### **9.2.2 Elementos das programacións didácticas.**

Os elementos mínimos que deben recoller todas as programacións didácticas son os seguintes:

1. Contribución das materias ós logros das competencias básicas (ESO).
2. Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas (ESO).
3. Obxectivos.
4. Contidos secuenciados e temporalizados por avaliación.
5. Criterios de avaliación.
6. Mínimos esixibles para a avaliación positiva.
7. Metodoloxía.
8. Procedementos e instrumentos de avaliación.
9. Acreditación dos coñecementos previos dos alumnos.
10. Alumnado con materias pendentes.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Temas transversais.
13. Temas interdisciplinares.
14. Tratamento do fomento da lectura.
15. Tratamento do fomento das TIC.
16. Procedementos para avaliar a programación.
17. Actividades complementarias e extraescolares.
18. Constancia de información ó alumnado.

Todas as programacións didácticas do centro están a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesortigueira/> no bloque dos “departamentos”.

### **9.3 Atención educativa ó alumnado que non opte polas ensinanzas de relixión.**

O alumnado da ESO que non opte polas ensinanzas de Relixión Católica nin de Historia e Cultura das Relixións recibirá atención educativa tal e como establece o *Decreto 133/2007 do 5 de xullo (DOG 13-xullo-2007) polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*. No punto cuarto da disposición adicional segunda do referido decreto establécese que “os centros docentes disporán as medidas organizativas para que o alumnado que non curse ensinanzas de relixión reciba a debida atención educativa, co fin de que a elección dunha ou doutra opción non supoña discriminación ningunha. A devandita atención, en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ó coñecemento do feito relixioso nin a calquera materia da etapa”.

A devandita atención educativa non será avaliable e o profesorado que se encargue dela será designado segundo as necesidades organizativas do centro e poderá pertencer a calquera departamento.

## **9.4 Criterios sobre a avaliación e promoción do alumnado.**

### **9.4.1 Educación secundaria obrigatoria.**

#### **Promoción.**

O alumnado, unha vez realizadas as probas extraordinarias, promocionará ó curso seguinte cando supere os obxectivos de todas as materias cursadas, ou ben teña unha ou dúas materias con avaliación negativa.

#### **Titulación.**

O alumnado que ó terminar a educación secundaria obrigatoria superase todas as materias e alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Tamén poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa en unha ou dúas materias como máximo.

O alumnado que curse programas de diversificación curricular obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo, poderá obter o mencionado título aquel alumnado que, tendo superado os dous ámbitos, teña avaliación negativa en tres materias como máximo.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá ter en conta todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na *Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 4, 7-xaneiro- 2008)*.

### **9.4.2 Bacharelato.**

#### **Promoción.**

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ó segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que conseguise a promoción ó segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ó longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

#### **Permanencia dun ano máis nun mesmo curso.**

O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non.

O alumnado que non consiga a promoción ó segundo curso deberá permanecer un ano máis no primeiro, cursándoo de novo na súa totalidade se o número de materias avaliadas negativamente é superior a catro.

O alumnado que non consiga a promoción ó segundo curso e teña tres ou catro materias con avaliación negativa poderá optar por:

- a) Repetir o curso na súa totalidade.
- b) Cursar as materias de primeiro con avaliación negativa e completar con dúas ou tres materias de segundo curso que non coincidan no seu horario coas de primeiro que estean suspensas. Estas materias de segundo curso en ningún caso pertencerán a aquelas que teñan igual denominación, de aprendizaxes progresivas nin ás que requiran coñecementos de materias de primeiro non superadas.

A matrícula e avaliación destas materias de segundo curso terán carácter condicional, sendo necesario estar en condicións de promocionar nos termos establecidos no punto anterior (promoción) para que poidan ser avaliadas.

O alumnado menor de idade que opte pola *opción b)* deberá contar coa autorización da seu pai/nai ou persoa que teña a titoría legal.

O alumnado que, ó finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgunha materia, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas.

O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.

## **Titulación.**

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias que configuran a modalidade cursada.

Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá aplicar todo o relacionado coa titulación e promoción recollido na *Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 124, 27- xuño-2008)*.

## **9.5 Liñas xerais de atención á diversidade.**

Tal e como se recolle no artigo 13º do *Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 136, 13-xullo-2007)* e o punto 8 da *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. Nº 177, 12-setembro-2007)*, “as medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da etapa”.

Neste centro lévanse a cabo medidas habituais de atención á diversidade (apoio no grupo ordinario, medidas de reforzo, apoio ocasional fóra do grupo ordinario, adaptación curricular, programas de diversificación curricular, etc...), algunhas das que teñen unha normativa específica como os programas de diversificación curricular.

### **9.5.1 Programas de diversificación curricular.**

Os Programas de Diversificación Curricular constitúen una forma directa de atención a diversidade do alumnado. A súa finalidade é que os alumnos acaden os obxectivos xerais da E.S.O. mediante una metodoloxía e uns contidos adaptados ás súas características e necesidades.

Toda a organización destes programas ven marcada pola *Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria* (D.O.G. Nº 161, 21-agosto-2007).

Os criterios xerais para a selección do alumnado que participa nos programas de diversificación curricular serán os seguintes:

**I) Destinatarios:** Poderán incorporarse aos programas de diversificación curricular o alumnado que se encontre nas seguintes circunstancias:

a) Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.

b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación ó programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.

**II) Condicións de acceso:** Poderán incorporarse a estes programas o alumnado que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da E.S.O., non estar en condicións de promocionar ó curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.

b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.

c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.

d) Ter cursado o cuarto curso da E.S.O. sen superalo e ter repetido xa unha vez na etapa.

Para entrar nestes programas terá prioridade aquel alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Manter un bo comportamento nas clases, mostrando interese por aprender.

b) Repetir algún curso na E.S.O.

c) Ter un alto número de materias suspensas.

d) Unha idade elevada.

**III) Realización das propostas:** Nas reunións da 3ª avaliación o profesorado de cada grupo fará as propostas para este tipo de ensinanza de maneira que tanto os titores como o departamento de orientación empece a elaborar a documentación necesaria para solicitar o programa.

### **9.5.2 Exención da segunda lingua estranxeira en primeiro e segundo da ESO.**

A *Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma*

de Galicia, recolle no punto 5-f, referente ás materias e ó horario lectivo semanal, o seguinte:

*“O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.*

*No seu expediente académico figurará coa mención de exento/a.*

*A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida”.*

Esta medida será adoptada despois das avaliacións iniciais a proposta do profesorado do grupo onde se encontre este tipo de alumnado.

## **10 Epílogo.**

Este documento será modificado ou actualizado sempre que o acorde a maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.